

Próximo Concerto – Ano IV N° 6  
15 de maio

  
**FORUM**METROPOLITANO

**MÚSICA DE  
CÁMARA  
NO  
FORUM**

ANO IV - N.º 5



**Ayuntamiento de La Coruña  
Concello de A Coruña**

**MARIO DIZ, viola**

**MIGUEL VALLS, piano**

O R G A N I Z A  
A U L A D E M Ú S I C A D E C Á M A R A  
C O N S E R V A T O R I O S U P E R I O R D E M Ú S I C A  
A C O R U Ñ A

**AUDITORIO FORUM  
METROPOLITANO  
LUNS, 17 de ABRIL  
20:00 horas**

## PROGRAMA

J. BRAHMS (1833-1897)	<i>Sonata en Mi bemol maior, op. 120, Nº 2</i>
	I. Allegro amabile
	II. Allegro appassionato
	III. Andante con moto
R. CLARKE (1886-1979)	<i>Sonata</i>
	I. Impetuoso
	II. Vivace
	III. Adagio

---

### **MARIO DIZ, viola**

Nado en Pontevedra comeza os seus estudos musicais baixo a man da súa nai, e violiño particularmente a idade de oito anos ata o seu ingreso no conservatorio Profesional de Música de esta cidade aos dez anos. Máis tarde conclúe a súa formación no Conservatorio Profesional de Mayeysis de Vigo acadando o título de Grao Profesional de violiño coas máximas cualificacións, e matrícula de honra nas especialidades de Cámara e Orquestra, xunto aos profesores Iurii Radchenko e Iminas Kucinskas. É no último ano da súa estancia en Vigo onde Mario Diz comeza a introducirse no mundo da viola alternando deste xeito ámbolos dous instrumentos e formando parte de diversos grupos de cámara xa coa viola. A súa formación como violista é amparada pola man de diversos profesores do prestixio de Jeffrey Jonhson, David Quiggle e David Etheve, tendo que engadir outros coma Nataxa Madisson, Humberto Armas, Michael Gilbert e Tilman Kircher.

No ano 2002 entra a formar parte da Orquestra Nova da Sinfónica de Galiza alternando aínda o violiño e a viola, e en 2003 ingresa como alumno bolseiro na Escola de Altos Estudos Musicais de Galiza na especialidade de viola exclusivamente, baixo a tutela da violista co-principal da Real Filarmonía, Nataxa Madisson.

Exerce tamén un labor paralelo coa música tradicional galega, formando parte de diversos grupos folclóricos e sendo membro do grupo *Alén do Ar* de Pontevedra acadando varios premios en concursos a nivel autonómico. Compón, interpreta e grava discográficamente *“Os cinco sentidos”* expresamente para a exposición de arquitecturas da cidade de Pontevedra no 2002.

No período 2002–2004 forma parte da Orquestra Sinfónica Reveriano Soutullo sendo concertino e solista, e tamén como concertino na Orquestra do Teatro Lírico de A Coruña colaborando no afamado Festival Mozart da mesma cidade; colabora como reforzo na orquestra Real Filarmonía de Galicia. Foi dirixido por directores tan prestixiosos coma Alberto Zedda, James Ross, Michael Gilbert, David Etheve, Pietro Rizzo, Ros Marbá entre outros.

Compre destacar no último ano a súa colaboración como solista coa fundación Teresa Berganza dando un concerto en Santiago de Compostela. Na actualidade compaxina cameristicamente o grupo “Trisquel” integrado por fruta, viola e harpa dende o ano 2002 desenvolvendo a súa tarefa artística en emprazamentos tan recoñecidos como o Pazo da Opera en A Coruña, Teatro Rosalía de Castro, e por mais lares de Galicia, sendo ademais actualmente incluídos na tempada de Xoves interpretes da Junta de Castela e León, co dúo formado co pianista Miguel Valls.

### **MIGUEL VALLS, piano**

Nace en 1982 en San Ciprián (Lugo), comeza os seus estudos musicais aos 12 anos con Jesús Lombardía e máis adiante con Amaia Artetxe. Cursa dous anos no Conservatorio Municipal de Viveiro coa mestra Eloísa Pérez Lage. A Partir do ano 2000 trasládase ao Conservatorio Profesional de Música da Coruña onde rematará o Grao Profesional. Actualmente remata os seus estudos superiores coa mestra Rosa María García en dita cidade. É tamén na Coruña onde terá a maior influencia pianística baixo a tutela de Anna Poghosyan.

Na súa andaina musical conta coa participación no concurso de piano do Club Náutico de Vigo (2001), no I Concurso de Piano ASGAIM (2004), así como no Concurso Internacional “Vila de Capdepera” (2006). Destaca tamén a súa participación no Ciclo de Novos Intérpretes “Teresa Berganza” en calidade de pianista acompañante de Mario Diz (2004) e non seguinte ano como solista interpretando obras de Mozart e Chopin.

Asiste a cursos de especialización con mestres tan afamados como María Rosa Oubiña de Castro, Domenico Codispoti, Albert Atenelle, Sebastián Colombo e Robert Shugarov.

Nestes intres compaxina ou grao superior coa música de cámara, afección que leva a formar dúo con Mario Diz (Viola).